

## Premio Francisco Mantecón

**Redacción:** M.V.  
**Fotografía:** Archivo

O 8º concurso Francisco Mantecón premiou catro carteis de España, Estonia, USA e Polonia entre máis de 1.400 obras.


O presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo, presidiu a entrega de premios, a que asistiron máis de 400 personalidades do mundo cultural, social, empresarial e político, como o delegado do Goberno en Galicia, D. Antón Louro, o alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, os conselleiros de Medio Rural, Cultura e Turismo y Economía e Industria e a presidenta da Autoridade Portuaria, Dña. Corina Porro, entre outros.

O xurado do 8º Concurso Internacional de Cartelismo Publicitario Francisco Mantecón, convocado por Terras Gauda, premiou catro carteis de España, Estonia, USA e Polonia entre máis de 1.400 obras enviadas desde 45 países de todo o mundo, logrando manteñer por cuarto ano consecutivo un elevado índice de participación internacional.

O 1º Premio, dotado con 10.000 euros e que será a imaxe da adega o próximo ano, correspondeu ao deseñador valenciano Ángel Luis González. O 1º accésit recaiu na deseñadora de Los Angeles, Julia Anne Luke; o 2º accésit é obra do artista gráfico de Estonia, Robi Joeleht; e a Mención Especial firmaa Dorota Cichón, de Polonia. Cada destos premiados recibe unha dotación económica de 2.000 euros, co que Terras Gauda reparte 16.000 euros en metálico.

Terras Gauda logrou reunir no Concurso Francisco Mantecón a vanguardia do deseño gráfico internacional nestas oito edicións, nas que concursaron máis de 8.000 carteis procedentes de 83 países de todo o mundo. Este éxito de convocatoria está basado nun refuerzo continuo da labor de comunicación nacional e internacional, a ampliación constante das bases de participantes, a vinculación do certame ao mundo académico a través de universidades de todo o mundo e a implicación de deseñadores de recoñecido prestixio na formación do jurado.

A difusión mediática internacional é un factor clave para manteñer a participación e posicionar o certame como un referente para a vanguardia do deseño gráfico e unha das grandes citas anuais para os deseñadores de prestixio. Só nas tres últimas edicións fixeronse eco do concurso máis de 500 medios de comunicación xeneralistas, páxinas web e revistas especializadas dos cinco continentes.



**Participación 2009**

Máis de 1.400 carteis de 45 países de todo o mundo participaron este ano no certame. De Europa destaca a elevada participación de artistas gráficos de Italia, con 360 obras. Entre os participantes houbo 660 deseñadores españoles. A representación de América foi también notable, con más de 200 carteis enviados. De África recibieron propuestas de Sudáfrica, Túnez ou Isla Mauricio; de Asia: de Singapur, Sri Lanka, India o China. A representación de Oceanía é de Australia.

ción de América foi también notable, con más de 200 carteis enviados. De África recibieron propuestas de Sudáfrica, Túnez ou Isla Mauricio; de Asia: de Singapur, Sri Lanka, India o China. A representación de Oceanía é de Australia.

### Sector lácteo

#### Primer portal profesional independiente do sector lácteo

A consultora BusinessMilk ([www.businessmilk.es](http://www.businessmilk.es)) presenta o primeiro portal independente dirixido a todos os integrantes do sector lácteo: productores, veterinarios, industria, distribución e administracións. Un portal exclusivamente profesional e sen vinculación algúns con organizacións agrarias, industrias e partidos políticos.

A amplia experiencia e conocemento dos profesionais que a integran permite ofrecer solucións estratéxicas e de comunicación específicas as empresas pertenentes a este sector.

La-leche ([www.la-leche.es](http://www.la-leche.es)) pretende ser o punto de encontro de todos os integrantes deste sector onde todas as opinións estarán representadas. Para elo parte de tres píares básicos: obxetividade, perspectiva e visión global.

La-leche dirixese a todos os profesionais presentes e futuros do sector: productores, veterinarios, estudiantes de veterinaria, empresas, organizacións ou institucións con intereses no mesmo.

La-leche, non pretende competir nin ocupar espazo de ningunha das páxinas e medios especializados. La-leche crea un espacio de reflexión, contraste e discusión sobre o que ocorre no sector, onde terrán cabida as opinións más relevantes do mesmo.

#### Independencia

La-leche non representa a ningún grupo, asociación, OPA u opción política, nin pertence a ningúnha industria, empresa de distribución ou laboratorio. É unha plataforma profesional desarrollada por expertos do sector lácteo e doutros sectores empresariais que, baixo un enfoque estreitamente obxectivo e profesional, abordará a problemática do mesmo aportando propostas estratégicas e de actuación, a veces críticas, pero sempre constructivas.